

Nadal 1955



Felicidades

Armonias do Nadal.

Alédate, alma, pois inda que hai neve
farto de lus, sorriso é o comiño;
e se o malvis non canta, a pomba espida
gard' o trino que foi nas xemas novas.
Das olladas da liza desprendéronse,
nun roxire de amor tremelocente,
as ferreas que fremen pola altura
prestanesando ledas, porque os mozos
dimos a pampolina, e o corazón,
balando benemente, é como un anís
no cilo d'un pastor, en doce oferta.
Non olles cara ó chan i o soulo nís,
onde a neve se enborda ca empurrada
No bosque do ceo, ovidade e estrelas,
nun revo de gloria, hai niños de amos
sempre a lembrarnos - feda primavera! -
a contiga de paz p'ra andar estradas.
Apsúa chegaremos - alma, alédate! -
travirados de lus e de armonía,
à terra de David c'a espere oferta,
neste aceno eternal, que por nós chama,
i este balbor de gaitas e de amos,
requiero manselino.
Immos, alma, e caian os meus ollos,
como chovisca de suidades ledas,
no bēree humilde de Xesús Meniño
K. E. S. I. B. S.

1950

Lucio Soum Leide

XILOGRAFÍA: MASIDE. - POEMA: VICTORIANO TAIBO. - DISUXO: XOÁN LEDO. -
DOUSCENTOS CINCUENTA EXEMPLARES NUMERADOS. - TALLERES: "FARO DE VIGO"



II Certame de Poesía
VICTORIANO TAIBO
ENTIDADE LOCAL DE MORGADÁNS



BASES

A Entidade Local de Morgadães en colaboración co Instituto de Estudos Miñoranos convoca o II Certame de Poesía VICTORIANO TAIBO · ENTIDADE LOCAL DE MORGADÁNS, dotado con TRES MIL (3.000) euros que se rexerá polas seguintes bases:

1.- Os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos, de temática libre, escritos en lingua galega e non poderán ser adaptacións.

2.- Cada traballo consistirá nun ou varios textos poéticos, cunha extensión non inferior a 300 versos, que constitúan un conxunto.

3.- De cada obra presentarase orixinal e catro fotocopias. Os autores ou autoras concursarán polo sistema de plica. Os traballos faranse chegar por correo ao seguinte enderezo:

Apartado 30 - 36380, Gondomar.

4.- Os traballos presentados conservaranse durante un mes a partir da data de comunicación pública do fallo e logo destruíranse os que non fosen solicitados polos seus autores ou autoras.

5.- O prazo de admisión de orixinais comezará cando se faga pública esta convocatoria e rematará o día 25 de xullo de 2009.

6.- O xurado estará presidido polo Presidente da Entidade Local de Morgadães, ou persoa na que delegue, e actuará como secretario o Director do IEM, ou persoa na que delegue, ambos con voz pero sen voto. Estará constituído, ademais, por tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario.

7.- A obra premiada será publicada polo IEM na colección Victoriano Taibo e non xerará dereitos de autor nesta primeira edición.

8.- O xurado, se estima que a calidade das obras así o permite, poderá conceder o premio *ex aequo*. Tamén poderá deixar deserto o premio convocado.

9.- Calquera incidencia non prevista nesta convocatoria será resolta polo xurado.

10.- O feito de participar supón a aceptación destas bases.